



4 narradores galegos e o xénero curto

Álvaro Cunqueiro

Cunqueiro tivo preferencia sempre polas pequenas unidades narrativas. Xa en canto á súa estrutura, as obras consideradas novelas *“Merlín e familia”*, *“As crónicas do sochantre”* e *“Se o vello Sinbad volveuse ás illas”* son realmente series de unidades breves ensambladas con maior ou menor cohesión nun conxunto superior, aínda que desde *“Merlín...”* ata *“Si o vello Sinbad...”* advertimos unha progresiva integración estrutural desas unidades.

A narración curta servíulle igualmente a Cunqueiro para explorar, coa mesma intencionalidade e procedemento que nas novelas, o seu peculiar mundo de ficción caracterizado polo humor, o sentido poético e a fantasía.



Afastouse sempre Cunqueiro de calquer temática que abordara os temas sociais e afirmou que o que lle interesaba era fabular para aquela xente que se deixaba enfeitizar por un conto. O seu posicionamento foi moitas veces obxecto de polémica, e valeulle, en ocasións, críticas negativas, especialmente referidas ás súas obras narrativas en castelán, aparecidas nos anos do realismo social. Cunqueiro era un extraordinario lector e bo coñecedor das novidades que se estaban a producir na literatura do seu tempo, non se identificou, sen embargo, cos escritores da Nova Narrativa Galega, manifestando nalgunha ocasión o seu distanciamento a respecto das técnicas innovadoras que viñan de incorporar.

Cunqueiro forma parte dun grupo de narradores caracterizados pola súa individualidade no panorama narrativo da posguerra. Na súa obra conviven elementos libresco, tomados moitos deles de diferentes mitoloxías, con outros especificamente galegos. A súa particular poética, na que bota man de elementos maravillosos para inserilos nun discurso realista, mantívoo afastado doutras correntes que concibían o texto como un reflexo fiel da realidade.


Os relatos curtos de Cunqueiro tamén chámanse *retratos* ou *semblanzas*. A temática de Cunqueiro é sincrética, mentres nos relatos curtos achégase ao lector/a a unha realidade especificamente galega, nun intento de reapropiación dun mundo a piques de desaparecer, as obras longas mesturan elementos de procedencia moito máis heterodoxa.

Cunqueiro confesou sempre a súa débeda coa maneira de contar do pobo, tomando así como modelo a literatura oral. Por outra banda, un dos trazos máis salientábeis da obra cunqueiriana radica no seu particular exercicio da imaxinación. O discurso poboase de elementos fantásticos que conviven coa realidade cotiá, xerándose así unha dialéctica entre o real e o maravilloso.

A triloxía de relatos curtos de Cunqueiro está comprendida por *“Escola de menciñeiros”*, *“Xente de aquí e acolá”* e *“Os outros feirantes”*. Nos relatos curtos a heteroxeneidade e o anacronismo teñen unha importancia menor, e as



coordenadas espacio-temporais son moito máis próximas ao lector ideal. Os personaxes pertencen na súa maioría, á colectividade galega. Raramente teñen orixe libresca e no caso de se tratar de personaxes fantásticos, teñen a súa orixe no folclore e a mitoloxía popular.



“Escola de menciñeiros” contén dezasete textos divididos en tres partes. Unha delas é a que da título ao conxunto da obra e que pon en escea – en cada relato – como personaxe central a un curandeiro ou compoñedor de quen se nos contan diversas anécdotas reais ou fantásticas, as máis delas extravagantes e moitas referidas aos precedementos curativos por eles empregados. O espazo xeográfico sitúase na bisbarra de Mondoñedo e arredores e hai elementos autobiográficos. A segunda parte conforma unha especie de bestiario fantástico e a terceira parte inclúe textos semellantes aos incluídos na primeira, so que agora os personaxes non son menciñeiros.

“Xente de aquí e acolá” (1971) e *“Os outros feirantes”* (1979) comprenden textos que tiñan aparecido previamente en diversas publicacións periódicas. Ambos conxuntos de relatos, segundo Cunqueiro son *“retratos de xentes que son da nosa tribu, e que non poderían ser de outra calisquer”*.

Ánxel Fole

Cultivou unha narrativa na que intenta recuperar as voces do conto popular de tradición oral e recreou unha Galicia rural, mítica e misteriosa. Segundo a profesora Vázquez Cuesta: “Os contos de Fole semellan transcricións de relatos orais, historias escoitadas “a carón do lume” – como reza o subtítulo do seu primeiro libro – que o autor se limitou a poñer por escrito. O seu dominio da técnica do conto tradicional – tan vivo aínda en Galicia – pode cualificarse de perfecto. Tamé o é a do enxebre galego da montaña de Lugo en que falan os seus personaxes. E da “leria”, a charla longa e demorada “con vontade de estilo” típica das tertulias aldeás, unha especie de oratoria popular que se acomoda a normas fixas, e na que a elipse desempeña un papel esencial. En canto ao contido mistúranse neles a partes iguais humor e misterio. Hai sempre unha penetración do trasmundo espectral no cotián, que fixo definir a Fole como un Poe galego. Fantasmas e aparecidos, meigas, trasgos, estraños feitos para os que non se atopa unha explicación natural mistúranse con lobos e bandidos nuns contos que nalgúns casos se anuncia xa como “contos de medo”.



A obra de Fole é acentuadamente unitaria, pois se exceptuamos as prosas iniciais anteriores á Guerra Civil, todas as súas narracións posteriores responden a idénticas directrices estéticas e manteñen en xeral os mesmos procedementos narrativos e preferencias temáticas.



“Á lus do candil” consta de catorce contos máis unha introdución. O propio Fole recoñece que é a experiencia biográfica do seu exilio interior en terras de Quiroga e a vivencia do mundo rural o que dertermina a súa orientación literaria, ao adquirir conciencia máis real da aldea fornecendo de motivos narrativos populares e procedementos recibidos da tradición oral.

A paisaxe, a onomástica, os costumes, as crenzas, os pormenores da realidade material da aldea e os trazos dialectais da fala son fundamentalmente das terras do Courel aínda que non todos os contos desenvólvense naquel entorno.

Dos relatos, nove clasifícanse como relatos fantásticos e pseudofantásticos, tres como humorísticos e outros tres como relatos policiais detectivescos ou de aventuras. Nembargantes a clasificación non é rixida xa que os temas interrelaciónanse entre si. O humor está moi sutilmente diluído en toda a súa narrativa, así coma toda a súa sabedoría




Tertulias Literarias

popular, con referencia aos seres míticos e máxicos. Salientanse tamén as exactas e fermosas descrições das paisaxes en que se desenvolven os contos.

O xeito de narrar está tomado na narración oral. A variedade temática de *A lus do candil* dalle ao volume unha vivacidade especial e fai que a súa lectura non resulte monótona. A visión de conxunto de Galicia aparece tomada desde dúas perspectivas diferentes: a material e a inmaterial, é dicir a tanxíble e visíbel a simple vista por unha banda, e a espiritual, máis oculta, por outra.

Son especialmente significativas algunhas fórmulas da narración oral tradicional no comezo e no remate dos contos. Así, no comezo, as que incorporan a marca da oralidade na primeira persoa do narrador e a segunda do oíntes. En canto ao remate é habitual a sentencia conclusiva ou moralizante.



“*Terra brava*”, editado por Galaxia no ano 1955 tamén consta de catroce contos desenvolto nos espazos xeográficos do Incio (Lugo). *Terra brava* era o libro preferido de Fole, Quizáis neste volume aparecen máis intensamente experiencias parasicolóxicas e misteriosas que “proceden da realidade vivida ou contadas directamente polos protagonistas, outras son adaptacións de experiencias lidas, fundamentalmentee en libros de ciencias ocultas e espiritismo, dos que Fole foi un gran lector [...] As experiencias paranormais son case sempre premonitorias, e dicir, adiviñadoras do porvir e máis concretamente da morte. Moitas veces son tamén oníricas, sucedidas durante o sono” (Claudio González Fer).

Non hai que esquecer que na cultura popular galega abunda os relatos de avaisos de morte feitos por seres misteriosos ou pola mesma morte, premonicións, adiviñacións, soños, visións, alucinacións... O tema da morte está moi presente en toda a obra foleana. É un tema obsesivo.

Mentres, os contos fantásticos son máis longos e traballados, sen fíos soltos no argumento e cunha lóxica aplastante na resolución das situacións máis raras e inverosímiles.

Outros dous libros de relatos curtos de Fole son “*Contos na néboa*” (1973) onde é maior a presenza de narracións de carácter cómico ou humorístico, nembargantes o grupo máis numeroso de relatos segue sendo de asunto fantástico. O seu cuarto e derradeiro libro de relatos “*Historias que ninguén cre*”, editado en 1981 recolle vinte textos coa temática e procedementos habituais do autor: asuntos enigmáticos, paranormais ou macabros por unha banda, e a dimensión humorística e anecdótica pola outra.

Os primeiros libros de narrativa de Fole “*Á lus do candil*” e “*Terra brava*” foron extraordinariamente ben recibidos no seu tempo e tiveron un importante eco na prensa daqueles anos. Fole soubo, de xeito maxistral, combinar realidade, imaxinación e fantasía. Malia partir moitas veces do popular – non sempre –, a súa obra de creación, ategada de elementos cultos, transcende o popular. A súa narrativa pode ter múltiples lectura e moitas interpretacións. Non hai que esquecer que Fole deu á tradición mítica e á cultura popular galegas, a maior expresión estética e literaria, sen caer no folclorismo. Partindo en ocasións do folclore, acadou unha creación orixinal e personalísima.




Eduardo Blanco Amor

Plasmou na súa literatura os problemas sociais e o conflito que estaba a vivir a sociedade do seu tempo. A faceta máis importante de Blanco Amor é a súa obra narrativa. Catro novelas e un libro de contos constitúen a súa extraordinaria aportación á literatura galega e española.

Toda a narrativa do autor desenvólvese no mesmo lugar: *Auria*, trasunto do Ourense natal do escritor. Máis este Ourense é tamén unha cidade enfeitada, mitificada que evita certas realidades desagradábeis, pouco poéticas, tristes, vulgares. *Auria* é, pois, Ourense, máis tocado por unha maxia e unha poesía que se deben exclusivamente ao autor. *Auria*, supón, unha especie de posta en escea do paraíso infantil, do adolescente que Blanco Amor recrea, imaxina, inventa na súa dupla condición de adulto e emigrante.



Outra característica común dos libros de Blanco Amor é que todos nárranse en primeira persoa; as historias son contadas con distancia de adulto que recrea a súa nenez, un mundo esvaecido para sempre, o que lles outorga un intimismo e nostalgia evocadora moi acentuados. E se o lugar é unha constante, o tempo tamén, coincidindo coas dous primeiros decenios do século XX. Tamén a temática presenta rasgos comúns: a pasaxe da infancia á adolescencia, do amor á sexualidade, as relacións familiares, a educación nas escolas, a soidade, o enfrontamento político entre reaccionarios e progresistas e outros temas tabú como o incesto, a homosexualidade e a masturbación, expostos aquí con gran gusto literario afastado de vulgaridade ou fácil pretexto escandaloso.



“*Os biosbardos*”, datado en 1962 en Bos Aires e publicado en Vigo por Galaxia e unha colección de oito contos protagonizados sempre por un neno ou adolescente, escritos nun estilo de gran finura e elegancia, no que non faltan nin o humor nin a escondida crítica social. É unha obra tocada de maxia, de poesía e orixinalidade. Os distintos rapaces vannos desvendando un mundo infantil, sorprendente e misterio, cheo de imaxinación e fantasía e, sen embargo, moi testemuñal da *Auria* de principios de século, correspondendo coa infancia do autor.

Os relatos son independentes pero presentan certas características comúns; as máis salientables, xunto coas coordenadas espacio-temporais en que se desenvolven as historias, son o protagonista infantil/adolescente e a xa mencionada narración en primeira persoa.

“*Os biosbardos*” era o libro predilecto de Eduardo Blanco Amor. En moi poucas ocasións, a maxia de Galicia, ás veces con tons divertidos e outras melancólicos e tristes, foi captada con tal penetración e ámbito poético. A diferenza da narración despiadada de *A esmorga*, os relatos de “*Os biosbardos*” revelan unha visión máis sentimental da realidade e en todos está presente unha vontade nostálgica de reconstrución do pasado.

Alguns motivos narrativos concretos poden relacionarse con experiencias biográficas do autor. Outros constitúen motivos recorrentes da súa narrativa (os personaxes singulares, con dificultades de integración social ou familiar, a atracción pola transgresión e a marxinalidade, a crítica das convencións pequeno-burguesas, a seducción e o namoramento súbito, a aprendizaxe pola vía da decepción, etc.).



Xosé Neira Vilas

Lega un importante número de obras narrativas onde deixa constancia da vida rural e a emigración. A súa maior aportación á literatura galega está constituída polas máis dunha ducia de novelas ou libros de relatos que compoñen a súa obra narrativa. A crítica ten explicado e estruturado seguindo diversos criterios, pero sobre todo centrándose no tipo de protagonista ou ben no marco espacial en que transcorren as historias. Fálase entón, de novelas de protagonista infantil fronte ás de adulto, e por outra banda, de textos de marco rural fronte ao urbano. O tratamento ou non do tema da emigración tamén suporía un punto de partida para analizar a súa obra.



Neira Vilas pretende facernos reflexionar sobre a realidade galega. A explotación dos máis humildes, a opresión da vila sobre o rural, o poder dos caciques, a incompreensión sufrida polos nenos nun mundo pechado e opresivo, a eliminación de formas de expresión cultural (o idioma) e a emigración constitúen trazos definidores dun mundo literario onde o afán de crítica da realidade fai que se teña situado a súa obra nunha liña social-realista.



“*Xente no rodicio*” (1965) é a primeira mostra da mestría do autor no xénero da narración breve. É un conxunto de vinte relatos co drama colectivo da vida rural como fío condutor. Os personaxes, homes, mulleres, adultos ou nenos están marcados dun xeito ou doutro pola desgracia. A violencia, en moitos casos, é a consecuencia da marxinación, o desprezo, e explotación, a emigración, a represión política, as agresión sexuais. En ocasión esa violencia trasládase ao suicidio como única saída.

Narrativamente aparecen diferentes puntos de vista (aproximando o libro á nova novela europea): narradores omniscientes, narradores testemuña, monólogos, etc. O estilo é austero, sincopado, de frase breve e sintaxe sinxela, sen apenas concesión sentimentais.

A “realidade” presentada en *Xente no rodicio*, ten tons negativos e amargos, marcados pola pobreza, os prexuízos, a impermeabilidade social e a violencia, que someten como temos dito ás súas vidas a condicións extremas e impiden calquer asomo de esperanza.

No tratamento dalgúns personaxes, o lirismo contido, a dosificación da información e a economía narrativa ao servizo da expresividade, moitos dos relatos de *Xente no rodicio* gardan estreita relación cos procedementos narrativos de Castelao, aínda que afástanse deles pola tendencia expresionista e a temática da violencia.

“*Historias de emigrantes*”, publicado en Montevideo en 1968 constitúese por dezaseis narracións, pequenas historias de emigrantes galegos na Arxentina. A primeira edición foi ilustrada por Luis Seoane. Tamén nestes relatos o punto de vista varía segundo os textos, combinando a terceira e a primeira persoa. Abundan as análepses e a explicación de feitos acontecidos no pasado. Cada relato está protagonizado por un ou unha emigrante, case sempre sumido nunha vida triste e soportando explotacións e vexacións. O mundo reflexado está dominado pola frustración e o fracaso que apenas ten contrapunto en personaxes que utilicen o seu éxito e riqueza a favor do ben común.



“*A muller de ferro*” publicado en 1969 contén vintetrés pequenas narracións de carácter ben diferenciado ao resto da súa obra. Son personaxes anónimos ou colectivos aos que lles suceden feitos inexplicabeis. Sempre dominados por forzas alleas que impiden a consecución dos propios obxectivos. O ambiente é rural e dominado por unha certa dose de violencia que somete aos personaxes a un desenlace fatal. Asemesmo, unha serie de relatos son fábulas con personaxes animais. A maior parte dos relatos están referidos en terceira persoa.



Outro libro de relatos é "*Tempo novo*" (1987) centrado na emigración galega en Cuba, coa experiencia revolucionaria e a nova realidade social consecuente.

Fontes:

- Proxecto Galicia. T. XXXIV: literatura. – Editorial Everest
- Historia da literatura galega. T. 4. – A.S.P.G

Para saber máis:

- <http://cvc.cervantes.es/actcult/cunqueiro/> (Álvaro Cunqueiro no Centro Virtual Cervantes)
- <http://www.fundacionxoseineiravilas.com/> (Fundación Xosé Neira Vilas)
- http://www.galizacig.com/actualidade/200309/xmc_eduardo_blanco_amor.htm (Eduardo Blanco Amor "Ser diferente é ser existente")

[Arquivo documental das Tertulias Literarias \(dende 2010\)](#)

Biblioteca Central Rialeda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>